



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA (AELG) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO LIBRO E A LECTURA NO ANO 2019

En Santiago de Compostela,

REÚNENSE:

Dunha parte, a consellería de Cultura e Turismo (en adiante, “a Consellería”) e no seu nome e representación, Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura e Turismo, para o que foi nomeado polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro de 2018, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, (CIF G15039936), e no seu nome e representación, Cesáreo Sánchez Iglesias, na súa condición de presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (en adiante a AELG), segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura e Turismo vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura e Turismo quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega é unha entidade sen fin de lucro que foi fundada no ano 1980 por algúns dos escritores/as máis sobranceiros da nosa historia literaria: Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste, Ánxel Fole, Ricardo Carvalho Calero, Uxío Novoneyra, Antón Avilés de Taramancos, Manuel María, Xela Arias e Luisa Villalta, entre outros. Na actualidade, a entidade reúne a máis de 415 escritores/as da literatura galega en todas as súas manifestacións: poesía, narrativa, teatro, ensaio, tradución...

A AELG ten como finalidade a dignificación do oficio de escritor/a, así como a promoción dos autores/as das súas obras, do fomento da interconexión e intercambio entre eles e con outros profesionais, proporcionando foros para o debate das ideas cunha perspectiva monográfica e transversal.

Para o cumprimento destes fins, a AELG conta coa seguinte programación: Organización de “Polafía” na Provincia de Lugo; a gravación de entrevistas para a sección “Mestras/es da Memoria”; mantemento da sección “Palabras con Memoria” da web da AELG; organización de obradoiros de creación literaria a través da “Escola de Escritoras e Escritores”; dixitalización e mantemento da web e elaboración e xeorreferenciación dun roteiro literario dentro da sección



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



“Territorio Escritor/a”; homenaxe a Pilar Pallarés dentro da actividade “O/a escritor/a na súa terra”.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro é fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.-OBXECTO E ACTUACIÓNS

É obxecto deste convenio coa Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega a colaboración nos gastos de funcionamento da entidade e na realización de diversas actividades culturais de promoción do libro e a lectura durante o ano 2019

Actuacións:

-“Polafía” na provincia de Lugo

Trátase dun proxecto creado no ano 2007 co obxectivo de recuperar usos de creación musical e literaria de carácter popular a través dunha adaptación das antigas xuntanzas tradicionais aos tempos actuais. A actividade, de carácter propio, é unha iniciativa da Sección de Literatura de Tradición Oral; esta nova edición terá lugar no ámbito da provincia de Lugo, na zona de Taboada.

-Gravación de entrevistas para a sección “Mestras/es da Memoria”

Mestras/es da Memoria é un proxecto iniciado no 2010 que nos introduce na casa daqueles/as informantes especialmente valiosos/as na literatura de tradición oral identificados/as nas polafías; trátase de persoas transmisoras do coñecemento, coas mellores técnicas de comunicación. No ano 2019 gravárase a Pablo Quintana, informante de especial valía na literatura de tradición oral e a



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



Dorothe Schubarth, recompiladora de literatura de tradición oral, ámbolos dous serán nomeados “Mestres da Memoria da AELG 2019” na Gala dos premios Mestras-es da Memoria, a celebrar no segundo semestre do ano.

-Mantemento e desenvolvemento informático da sección “Palabras con Memoria” da web da AELG.

“Palabras con memoria” é unha iniciativa cuxo obxectivo é recuperar palabras en desuso, así como palabras e/ou expresións non recollidas nos dicionarios. Na actualidade, o glosario conta con 1.450 palabras co fin de reintroducilas no vocabulario cotián e obter dos lectores/as máis palabras en risco de desaparición.

-Organización de obradoiros de creación literaria

A “Escola de Escritoras e Escritores” é unha iniciativa que se centra en impartir obradoiros nos que se abordan diferentes xéneros literarios e contidos apostando pola creación e a promoción da lectura. A través de formatos variados e destinatarios diversos a iniciativa ten o obxectivo de concienciar da importancia da estimulación creativa na escrita así como a adquisición do hábito da escritura. Os obradoiros de creación literaria veñen organizándose desde o ano 2006; en 2019 a Asociación propón a realización de dous obradoiros, un na provincia da Coruña e outro na de Pontevedra.

-Gravación de entrevistas e fotografías a escritores/as na web da Asociación

Esta iniciativa serve como espazo de referencia para a promoción e divulgación da obra das autoras e autores da AELG, contando na actualidade e desde o inicio da proposta, no ano 2004, cun total de 350 gravacións. A entidade conta cunha plataforma exclusiva para a difusión das obras dos socios/as, o Centro de Documentación de Escritoras e Escritores, de actualización permanente, que se encarga de ofrecer contidos relacionados coa traxectoria literaria dos mesmos.

-Elaboración e xeorreferenciación dun roteiro literario pola provincia de Ourense dentro da sección “Territorio Escritor/a”



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



A plataforma “Territorio Escritor/a” da web da AELG permite xeorreferenciar roteiros de carácter literario de dous tipos: espazos literarios, que analiza os autores/as vencellados a ese espazo, tanto a nivel persoal como da súa obra; e roteiros dos territorios do/a escritor/a, que analiza os espazos vitais dos autores/as, que poden situarse en varios territorios. En 2019 preténdese reforzar os contidos literarios existentes neste ámbito na provincia de Ourense.

-Homenaxe “O/a escritor/a na súa Terra”. Pilar Pallarés

A homenaxe “Escritor na súa Terra”, pretender honrar escritores e escritoras cunha dilatada carreira literaria, dándolle un protagonismo especial a personalidades relevantes da literatura galega entre a súa propia veciñanza. Preténdese realizar así mesmo, un estudo divulgativo da obra do autor/a que serva para contextualizar, difundir e poñer en valor a súa inmensa obra literaria. A concesión desta distinción implica o nomeamento como Socio/a de Honra da Asociación que se sinala coa entrega da escultura “letra E”. No ano 2019 a escritora homenaxeada será Pilar Pallarés, nun acto que vai ter lugar durante o mes de xuño na Coruña.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto é a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega a entidade oficial encargada de promocionar os autores/as da literatura galega e as súas obras en todas as súas manifestacións (poesía, narrativa, teatro, ensaio, escrita científica, traducións, entre outras) aglutinando na actualidade a máis de 415 escritores/as.

Por todo o anterior é a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo, e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Políticas Culturais para o ano 2019, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos neste plan.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



SEGUNDA.-OBRIGAS DA ASOCIACIÓN DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A AELG deberá dar cumprimento das obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A AELG ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

A AELG deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. A declaración presentárase consonte o establecido no artigo 69.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Así mesmo, de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, a AELG deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria, sinaladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo. Esta declaración deberá presentarse



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



consonte o establecido no artigo 69.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, antes da sinatura do convenio.

A AELG comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura e Turismo poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

A Consellería de Cultura e Turismo, para o cumprimento das actuacións previstas neste convenio, comprométese a entregarlle á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega a cantidade de 15.000 € (5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.432B.481.2, e 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.432B.781.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, código de proxecto 201500372).

Segundo o disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Cultura e Turismo poderá realizar pagamentos anticipados que suporán achegas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio. A cantidade máxima que se achegará como pago anticipado será de 9.000 € (4.000 € que corresponderá aos gastos de funcionamento da AELG e 5.000 € que corresponderá aos gastos derivados das actuacións de carácter cultural).

A AELG tamén poderá solicitar pagos á conta, segundo o previsto no artigo 62 do Decreto 11/2009, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, ou sexa 12.000 €.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

No caso de que a AELG solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

CUARTA.-COMPATIBILIDADE

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data límite de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida, é o 30 de novembro de 2019

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

A AELG presentará electronicamente a xustificación da subvención dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, importe, data de emisión e data de pagamento.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior, e a documentación acreditativa do pagamento.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

Para que a consellería poida realizar os libramentos, a Asociación deberá achegar unha declaración responsable de titularidade de conta bancaria

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2019, dende o 1 de xaneiro ata a data límite de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a AELG non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



actividade subvencionada. En caso de superar, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

SEXTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo, e o presidente da AELG.

SÉTIMA.-CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.-PUBLICIDADE

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega acepta a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- XURISDICIÓN

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Ademais será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMA.-VIXENCIA

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2019, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2019

DÉCIMO PRIMEIRA.-NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais,



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura e Turismo

O presidente da AELG

Román Rodríguez González

Cesáreo Sánchez Iglesias



Xacobeo 2021

